

Restriccións de acceso

ÍNDICE

Restriccións de acceso	2
Varias restriccións xuntas.....	5

Restriccións de acceso

As tarefas e recursos creados no noso curso non teñen por que estar dispoñibles para todos os estudantes matriculados nel, de xeito que só aqueles alumnos que cumplan as condicións establecidas terán acceso ao Recurso ou Actividade restrinxida.

Podemos configurar a súa dispoñibilidade en función de diferentes aspectos. Isto podemos configúralo tanto no momento da súa creación, como unha vez creada, accedendo á configuración do Recurso ou Actividade:



Na seguinte imaxe poden verse os distintos tipos de restricións que podemos configurar para unha actividade:

Engadir restrición...

Date	Impedir o acceso até (ou dende) unha determinada hora e data.
Cualificación	Require students to achieve a specified grade.
Group	Permitir só estudantes que pertencen a un grupo específico, ou a todos os grupos.
Grouping	Permitir só estudantes que pertencen a un grupo dentro dun agrupamento específico.
User profile	Control access based on fields within the student's profile.
Nivel	Impedir o acceso en función do nivel do usuario.
Conxunto de restricións	Engadir un conxunto de restricións aniñadas para aplicar lóxica complexa.

Cancelar

As restricións que mellor se soen axustar aos nosos cursos, son as seguintes:

- **Date (Data):** se engadimos este tipo de restrición, podemos establecer desde qué data, ou ben ata que data, poderá estar dispoñible a actividade.

Isto, por exemplo, pode sernos moi útil nunha actividade de tipo cuestionario co cal queiramos facer unha proba ao alumnado. Podemos crear e publicar a actividade de tipo cuestionario antes da data e establecer o día e a hora a partir da cal estará dispoñible o cuestionario para ser realizado polo alumnado. Isto nos dá certa liberdade, ao non ter que estar pendentes de que chegado o día e a hora nos teñamos que conectar ao Moodle para darlle ao alumnado acceso á proba. Na imaxe seguinte, temos configurada unha restrición de data. A actividade con esta restrición só estará dispoñible a partir do (**from**) 13 de outubro de 2020 ás 10:00.

Se quixeramos establecer que o alumnado só pode acceder a esta actividade ata as 11:00 do mesmo día, deberíamos pulsar no botón “Engadir restrición...” e crear unha restrición de data de tipo **until**.



- **User profile (Perfil de usuario):** con esta opción podemos restrinxir o acceso segundo algunha característica que teña (ou non teña) o alumnado.

Por exemplo, se o noso alumnado tivera unha conta de correo propia do centro que rematara en @iesxulianmagarinos.org, poderíamos restrinxir o acceso aos participantes do curso, de maneira que puideran acceder só aqueles que teñan no seu “Enderezo de correo” o texto “@iesxulianmagarinos.org”.

Alumno debe de coincidir as seguintes

User profile field Enderezo de correo contains iesxulianmagarinos

Engadir restrición...

- **Group (Grupo):** restrínxese o acceso en función da pertenza ou non a un determinado Grupo:

Alumno debe de coincidir as seguintes

Group Group 1

Engadir restrición...

- **Grouping (Agrupamento):** restrínxese o acceso en función da pertenza ou non a un determinado agrupamento:

Alumno debe de coincidir as seguintes

Grouping Agrupamento 1

Engadir restrición...

- **Cualificación:** determina a puntuación que debe obterse noutra Actividade para poder acceder a esta. Hai que seleccionar a actividade que será o requisito e a puntuación (en %) que debe acadar:

Alumno debe de coincidir as seguintes

Cualificación Tarefa 3: Creación dun

☒ must be ≥ 50 %

☐ must be < %

- **Conxunto de restricións:** esta opción permítenos crear unha combinación das restricións anteriores, dunha soa vez. Tamén podemos facelo, seleccioando varias veces a opción Engadir restricción.

The screenshot displays the Moodle restriction configuration interface. At the top, a condition is set: 'Alumno debe de coincidir as seguintes'. Below this, a nested box contains another condition: 'Alumno debe de coincide todas das seguintes'. Inside this nested box, there is a 'Group' dropdown set to 'Grupo 1' with a close button (X). Below the nested box, a small 'e' icon indicates a logical 'AND' relationship. To the left of the next box is an eye icon. This box contains a 'Cualificación' dropdown set to 'Actividade 1.'. Below this, there are two radio button options for percentage thresholds: the first is checked and labeled 'must be ≥ 50 %', and the second is unchecked and labeled 'must be < %'. A close button (X) is to the right of these options. At the bottom of the interface is a button labeled 'Engadir restricción...'.

Varias restricións xuntas

Se temos varias restricións postas hai que fixarse se aparece “e” ou “ou” na parte esquerda das mesmas, xa que eso significa se ten que cumprir a restrición1 e a restrición2 e restrición3.... É dicir, ten que cumprilas todas; pola contra un “ou” está indicando que con que se cumpra unha delas xa é suficiente.

Alumno debe de coincide todas das seguintes

Date from 3 Novembro 2021 10 : 00

Group Grupo 1

Cualificación Actividade 1.

☒ must be ≥ 60 %

☐ must be < %

Engadir restrición...

Alumno debe de coincide calquera das seguintes

Date from 3 Novembro 2021 10 : 00

ou

Group Grupo 1

ou


Cualificación Actividade 1.

☒ must be ≥ 60 %


☐ must be < %

No que fai referencia ao “ollo”, se o temos sen tachar, o usuario ve a tarefa/recurso en gris inda que non cumpra a condición, pero se o tachamos entón a tarefa/recurso agacharase se o usuario non cumpre a restricción.

Ollo sen tachar,



Ollo tachado, non lle aparece a tarefa1 que é a que ten as restricións



"Grupos e agrupamentos", publícase baixo unha licenza

[Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional License](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).